

Día das Letras Galegas

María Mariño, 2007

Como todos os anos son abondosas as propostas que, desde as distintas editoriais comerciais –evitamos aquí as publicacións institucionais–, realizan un esforzo para nos propor un achegamento á figura homenaxeada no Día das Letras: a poeta María Mariño, arredor da que, sen dúbida, cumpria unha necesaria revisitación e unha maior popularización. Como ocorre adoito, nesta estimulación anual, que produce un abondosísimo corpus de publicacións, se cadra numerosas de máis para un mercado paréceme que un tanto exíguo, son diversas as perspectivas e intencións de análise e difusión da obra da poeta noísa-courelá.

Edicións da súa obra

Principiamos, daquela, coas obras que viron a luz co obxectivo de ofrecer o corpus literario da autora, acompañándose das preceptivas páxinas introdutorias nas que se explican ou insinúan os principais socalcos biográficos da autora de *Verba que comenza*, ao tempo que se deitans algunhas das claves que contribúen a entender mellor a súa obra. Velaí, así pois, a chamada *Obra completa* en Xerais, que veu da man de

Un amplo abano de achegas

RAMÓN NICOLÁS

Victoria Sanjurjo xa a finais do ano pasado: un traballo que reactualizaba a edición de *Palabra no tempo* e *Verba que comenza*, que vira a luz na “Biblioteca das Letras Galegas” da mesma casa e que era un estudo de corte académico e divulgativo que circulou popularmente durante algúns anos.

Ao tempo, Galaxia publicou unha *Antoloxía poética* a cargo de Patricia Arias. Trátase, ao meu xuízo, dun libro moi correcto e de carácter popularizador no que a autora dialoga coa documentación atopada xunto coas súas propias investigacións, así como coa obra da poeta, analizando tanto o percorrido biográfico como os seus po-

emarios galegos e outros aspectos literarios; a seguir engádesse, loxicamente, unha xenerosa escolma poética de María Mariño.

Por último, nesta sección, cómpre referirse ao que foi, talvez, o achado máis destacado que “provocou” a designación de María Mariño como autora que protagoniza este Día das Letras. Trátase da recuperación do título tantas veces nomeado *Más allá del tiempo*, editado por Helena González na editorial Alvarellos, orixinal que Juan Soto, legatario do fondo de Ánxel Fole, deixou na man do editor Henrique Alvarellos. O texto castelán de María Mariño, que contén poemas e prosas, ofrece os textos ao lector sen mediación ningunha e afortala a visión da poeta como autora dona dun universo literario de seu.

Estudos académicos

Cómpre falar, en primeiro lugar, da ensaio biográfico, completo e laborioso, que Xerardo AgraFoxo editou en Galaxia, baixo o título de *Biografía de María Mariño*; nel devórcase moita información novidosa, resultado dun delongado proceso de esculca, e interprétan-

María Mariño, editado por Toxosoutos e a Xunta de Galicia, é un texto póstumo de Xosé Agreló Ermo que repasa, en forma poética, clara e concisa, a vida da poeta noísa; volume que se enriquece con ilustracións de Alfonso Costa, alén de incluírse, asemade, tres poemas da propia autora. Pola súa parte, Fran Alonso inténase, nunha proposta moi singular por pouco habitual, polos socalcos biográficos da autora homenaxeada: trátase d'*A vida secreta de María Mariño*, un libro concibido para todos os lectores, pero especialmente orientado cara á mocidade, e no que ofrece un

relato da vida da autora, segundo o escritor vigués, “como sei que foi pero tamén como a imaxino”, de xeito que hai aquí páxinas que están construídas desde a fidelidade á documentación

Para primeiros lectores

existente e outras nas que o exercicio de ficción ou de fabulación salta á vista. Talvez un dos elementos máis salientables do libro sexa precisamente esa conxunción que fai do libro un

auténtico paseo biográfico-literario arredor da autora, engadindo, finalmente, algúns poemas no colofón do libro e mais un corpus fotográfico moi xeneroso.

Para finalizar, Galaxia sumouse a esta proposta cun orixinal de Riveiro Coello: *A voz do lago*, que se desenvolve desde un acontecemento biográfico de Mariño, isto é, desde a decisión familiar de abandonar Noia para ir vivir a Escarabote (Boiro). Este último espazo ou contexto é que permite o desenvolvemento dunha novela marcada pola fantasía onde unha nena, Irene, repara nos que acaban de chegar e, sobre todo, en María Mariño.

PASA Á PÁXINA SEGUINTE



Dedicados á provincia, dedicados á cultura

A Deputación esforzase, día a día, para mellorar a provincia en tódolos seus ámbitos. Espezalmente o eido cultural merece todo o noso apoio, volcando cuantiosos investimentos na divulgación dos nosos autores. Eles escriben no presente para que todos teñamos, no futuro, un pasado tanxible.

Na Deputación traballamos polos galegos, traballamos pola cultura.

17 de maio, DÍA DAS LETRAS GALEGAS
homenaxe a María Mariño

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Dedicados a ti

www.deputaciondepontevedra.es

María Mariño, 2007

Día das
Letras Galegas

O ano de María Mariño

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

se diversas pasaxes da biografía de Mariño que até agora só se sospeitaban. Por outro lado, é de xustiza tamén salientar o denso traballo interpretativo de Carmen Blanco baixo o título de *María Mariño. Vida e obra*, en Xerais, da man dunha das investigadoras que máis traballara anteriormente a figura da poeta homenaxeada; neste libro, a profesora lucense internase nesa agra aberta que é o percorrido vital de Mariño, e detense, con especial rendemento e nunha clave interpretativa feminista, nos ecos que suscita a súa obra literaria en galego. Neste sentido, non podemos deixar de citar o rigoroso traballo de Esperanza Mariño, que editou en 3C3, prologado por Darío X. Cabana e disposto baixo o título de *Dicio-*

nario María Mariño: unha achega distribuída a través de diversas entradas que, ordenadas dun xeito alfabético, orientan ao lector por todos aqueles ele-

mentos que o universo vital e literario da poeta suscita.

Por último, cómpre referirnos tanto ao número monográfico dedicado a María Mariño pola Festa da Palabra Silenciada como a unhas últimas publicacións que nos chegaron: trátase de *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*, publicado en Laiovento a cargo da profesora María Pilar García Negro e que inclúe unha breve aproximación á figura da poeta e á súa obra literaria, alén dunha escolma poética e mais uns útiles e interesantes apéndices que recollen parte do escrito até hoxe por diversos especialistas arredor de Mariño.



UNIVERSIDADE
DE VIGO